

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 1/ 2022
Solicitante: U.B. Lavadores

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Club U.B. Lavadores, en data 24/01/2022, no que solicita a revogación da resolución imposta por non terse practicado unha fase de proceso informativo previo á sanción imposta pola Acta 2022/13 de 13 de xaneiro de 2022, nº 2122/50. Mediante a presente, procédese a resolver o recurso de apelación conforme os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 13/01/2022 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2122/13 acorda:

“4. OTROS ACUERDOS

Sancionar ao presidente do U.B. Lavadores, don Iván Pérez Souza, pola comisión dunha infracción ás normas xerais deportivas, recollida no art. 65 d) do RRDg, ao ter faltado ao respecto dirixíndose de feito ofensivo ao colexiado do encontro, facéndoo de xeito reiterado, incluso despois de terse rematado o encontro, o cal por certo, era de carácter amigable. Ademáis mostrou un evidente desprezo cara a este Comité de Competición. En consecuencia procede impor a don Iván Pérez Souza unha sanción de multa de 75 euros.”

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Defecto formal do recurso.

No seu recurso, o clube non alega ninguna norma ou precepto regulamentario que considere infrinxido.

O artigo 112 do RRDg regula o contido obrigatorio de un recurso, o que debe facerse constar formalmente para que sexa válido.

Non pode salvarse o escollo de que non menciona ningún precepto infrinxido polo Comité Territorial de competición, artigo 112.C).

Esta infracción podería considerarse de entidade como para resolver o recurso, sen entrar no fondo do asunto ao non ser formalmente válido. Sin embargo, pola propia natureza de este Órgano, e do ámbito deportivo no que desenrola a súa actividade, entendemos procede analizar o fondo do asunto e os feitos de cara a tratar de interpretar qué normas entendería infrinxidas o recorrente, e así facilitar e corrixir calquer defecto de actuación de clubs, federaciones ou estamentos dependentes da mesma como os Comités, neste caso e no futuro. Obviando por tanto este Comité, nesta ocasión, os defectos formais do recurso.

Esta parte admite o mesmo, sobreentendendo que pretende a aplicación dun proceso contradictorio con trámite de audiencia.

SEGUNDO.- Acceso á acta e anexos.

Na súa primeira alegación do recurso: sinalan non coñecer o anexo. Ben é certo que as partes deben ter acceso tanto a actas como anexos, pero este Comité comproba que ambas están publicadas na plataforma, polo que teñen acceso directo todas as partes implicadas.

En caso de que houbera calquera error ou defecto no portal do clube de acceso á aplicación, deberían presentar proba a este Comité do mesmo, para poder ser valorada. Xa que esta parte presume a publicidade da Acta e anexos,

así como a publicación e ademáis comprobou a realidade de éstos accedendo á Plataforma da Federación a tal fin.

Así, entendese vacía de contido a alegación do clube de que non coñecen o anexo; e por tanto non hai motivo de apelación estimable.

TERCEIRO.- Falta de proba en contra da resolución recorrida. E a proba obrante en Autos.

Con respecto a última e cuarta alegación do recurso, que no vídeo non se constata menosprecio. O Comité de Competición non sanciona arbitrariamente, dende o punto e parte que o fai apoiándose na Acta do partido e os seus anexos. Ben e certo que o vídeo do encontro non ten sonido limpo e non permite corroborar ou desmentir a acta; pero isto non a desvirtúa.

Hai dúas cuestións a ter en conta no párrafo anterior: 1. aínda que a Federación esixa a grabación dos partidos, i estos teñan que estar feitos en determinadas condicións, o incumplimento disto non impide a validez da Acta e que esta se teña en conta, de feito aínda que o vídeo teña unha imaxe e son perfectos, pode non ter enfocado suficiente un acto ou escoitar unha voz e isto non impide que teña sucedido. É máis, isto lévanos o punto 2. As Actas son proba de cargo suficiente por sí soas, pois teñen presunción de veracidade, salvo proba en contrario.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que baixa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, e actúa correctamente incoando un expediente sancionador, este Comité de Apelación ratifica esa decisión do Comité de Competición de dar veracidade a Acta e non habendo proba en

contra no recurso, únicamente manifestacións, non procede revogar a decisión sancionatoria.

Se o clube entende que a acta ou anexo, minten debe xustificalo, se pretenden probar que non coñecían o seu contido (como na alegación 1) deben probar: a imposibilidade de acceder á Acta ou anexo e descoñecemento da mesma, por un erro de terceiros e non por falla de dilixencia.

Constan acta e anexo publicados, a adversa non afirma o contrario, solo que as descoñecen; e recordamos que o descoñecemento de leis ou resolucións non excusan o seu cumprimento. Así tampouco aportan proba algunha de que o motivo de ese descoñecemento fose provocado por un terceiro (Federación, árbitros, Comité, etcétera) e non pola súa falla de dilixencia: non se aportan pantallazos da plataforma, informe ou reporte de erros da web/plataforma, ou similares.

Non realizando o clube recorrente esforzo probatorio algún dos feitos alegados, non hai posibilidade de revogar en modo algún o recurso.

CUARTO.- Procedemento disciplinario.

Pese a non alegar artigo algún, o recurso parece reclamar na súa segunda e terceira alegación, que a actuación do Comité Territorial de competición fíxose fóra do procedemento disciplinario reglado. E consideran que procedía unha notificación escrita ou verbal directa, máis aló da Acta do Comité de Competición, e ademáis procedería unha fase de alegacións.

Este Comité considera que aínda que o U.B. Lavadores non proba a falsidade dos feitos, nin a non comunicación da Acta ou anexo, podería revogarse a resolución do Comité de Competición se o procedemento sancionador non fose o axeitado, cuestión que é obxeto de análise a seguir.

O Comité territorial de Competición, para a imposición da sanción seguiu o procedemento regulado na sección 1ª do capítulo 4º do título do III do RRDg, o procedemento ordinario, xa que a sanción imposta é leve i é o proceso oportuno. O procedemento extraordinario, que recolle procedemento de alegacións como trámite de audiencia, está destinado únicamente para os procesos de sanción grave ou moi grave, que non é o caso.

Polo que non debe abrirse un período de información previa, nin de proba. O proceso ordinario non o contempla i éste cumpríuse consonte a normativa do RRDg.

O Comité territorial de competición seguiu o proceso e nese senso, confirmo a súa resolución polo cumprimento dos trámites procesais, xa que aplicou o RRDg rigurasamente.

Este Comité de apelacións segue o procedemento regulado no capítulo 6º, dos recursos, e tendo 30 días hábiles para resolver.

QUINTO.- Sanción imposta.

Aínda non habendo motivos de fondo, nin forma que xustifiquen a estimación do recurso de apelación e a revogación da resolución recorrida, podería terse imposto unha sanción contra legem, analizamos ese feito.

O artigo 71 do RRDg impón pola comisión da infracción 65 D a incorrección leve no trato cos árbitros e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións (...):

- A) Inhabilitación de ata un mes para ocupar cargos en entidades do balonmán galego, cando se trate de directivos.
- b) Suspensión de licenza federativa por tempo inferior a un mes, ou dun a tres encontros nunha mesma tempada.
- C) Multa por contía inferior a 601 euros.
- D) Apercibimento.

O Comité podería ter imposto calquera das sancións, habendo incluso algunhas específicas polo suxeito que acometeu a infracción, escolle a pena multa.

A imposición da multa, ten unha parte de libre modulación ao criterio do Comité, que é a cuantificación da sanción dentro do abano do artigo, da mínima 1 á máxima 601, pasando pola metade de 300 €. O Comité de competición impón una cantidade na metade inferior e moi reducida, motivo polo que entendemos non extralimita a súa labor, máis aínda cando os feitos

revisten unha gravidade especial polo tipo de encontro e polo cargo ocupado polo executor.

Así, esta parte non pode revogar a a imposición da sanción imposta.

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto polo Club U.B. Lavadores en nome do seu Presidente don Iván Pérez Souza, contra o acordo do Comité Territorial de Competición desta Federación de data 13/01/2022 (acta nº 2122/13), **CONFIRMANDO O ACORDO 4**, polo que se sanciona a a don Iván Pérez Souza, con **MULTA DE SETENTA E CINCO EUROS (75 €)**, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 65 D e 71 do reglamento de Régimen Disciplinario.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

GONZALEZ
SOLLA LAURA
- 35578311W

Firmado digitalmente por
GONZALEZ SOLLA
LAURA - 35578311W
Fecha: 2022.01.27
22:05:12 +01'00'

Vigo, 27 de enero de 2022
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla